



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARÍA DO PLENO	
Data	08 FEB. 2017
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 56

## ROGO PARA A RESTITUCIÓN DA VARANDA DE PROTECCIÓN NO REGO DE ARÍNS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada local entre Marrozos e Aríns rexistra un importante tránsito de vehículos, posto que, ademais do seu inicial papel de nexo de unión entre dúas populosas parroquias, actúa de itinerario alternativo para moitas persoas que acceden á cidade a través da estrada N-525 (Santiago-Ourense), habitantes dunha ampla zona nos lindes do noso concello e tamén doutros concellos próximos situados ao longo do trazado da citada estrada nacional. A maiores, a estrada local facilita tamén, en sentido inverso, o acceso de moitas persoas de Aríns e da súa contorna para conectar coa citada estrada nacional.

No seu discorrer entre a zona do Sixto e Vilacova, esta estrada municipal salva o rego de Aríns, xusto debaixó do viaduto do AVE, mediante unha pontella na que só nun dos lados –e en moi mal estado- quedan restos das varandas de protección metálicas que noutrora tivo. A precaria situación agrávase cando a maleza medra no seu arredor, dificultando a percepción do desnivel existente, e adquire maior intensidade cando se pensa nas dificultades para os peóns que en todo o treito carecen sequera de beiravías.

À vista desta situación, formúlase o seguinte rogo:

***“Que o Goberno local proceda á reposición da varanda de protección da ponte sobre o rego de Aríns, debaixo do viaduto do AVE, na estrada local que comunica Marrozos con Aríns e que estude a posibilidade de habilitar algunha mellora para os peóns neste punto, ao igual que nos lugares de máis tránsito peonil desta vía”.***

Santiago de Compostela, a 7 de febreiro de 2017.

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular